



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de abril de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de abril de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(268).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de abril de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 1 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2(269).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLAMENTAMENTO ACTIVO: LOTE 1. EXPTE. 290826/301.

Visto o informe de fiscalización do 30/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/03/2026, asinado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"2.- Adxudicar a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (B-70.493.275) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 2 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- a) O prezo total do lote é de 322.854,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.032,64 euros, cunha porcentaxe de desconto do 20,44 % a aplicar ao prezo unitario de hora de monitor previsto na cláusula 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- b) Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación:
- Estudos do perfil básico das persoas usuarias dos obradoiros (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade)
 - Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (actividade, organización e persoal, instalacións e equipamento e comunicación).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 25 de abril de 2023 e a execución do contrato iniciouse o 1 de maio de 2023, por un prazo de dous anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- En data 21 de marzo de 2025, a XGL acordou a primeira prórroga deste contrato (expediente 278396-301), do 1 de maio de 2025 ata o 30 de abril de 2026.

Quinto.- En data 27 de febreiro de 2026, a XGL acordou a segunda prórroga (expediente 290826-301), do 1 de maio de 2026 ata o 30 de abril de 2027.

Sexto.- O xefe da área de Benestar Social coa conformidade da concelleira de Política de Benestar Social, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do incremento do número de usuarios, en informe de data 2 de febreiro de 2026.

Sétimo.- Con data 11 de marzo de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 12 de marzo do mesmo ano.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este presentou alegacións en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral de 23 de marzo de 2026, manifestando a súa conformidade coa modificación proposta.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 3 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I- Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II- Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato perante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 4 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido a *"necesidade de ampliación dos servizos prestados derivada do incremento do número de usuarios/as"* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *"incremento do orzamento base de licitación"* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20 % do prezo do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada pónecesidade de ampliación dos servizos por mor do incremento do número de usuarios. Informa ao respecto o xefe da área de Benestar Social, en data 2 de febreiro de 2026 o seguinte:

"II.3. A L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, constitúe o marco de referencia do sistema galego de Servizos sociais. O seu articulado recolle os obxectivos xerais deste sistema, entre os que figuran os de previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e de garantirlles a vida independente e a autonomía persoal ás persoas en situación de dependencia.

O programa de avellentamento activo: "Vigo cidade amiga dos maiores" é un servizo que, con carácter voluntario, presta o Concello de Vigo coa finalidade de favorecer a promoción da autonomía persoal, a prevención da dependencia das persoas maiores, o fomento da socialización e as actividades de lecer.

II.4. Este programa, iniciado con unhas previsións, esta desbordado superando as expectativas iniciais polas numerosas solicitudes sen atender. A variedade e calidade das actividades mais o envellecemento da poboación elevaron a demanda dos usuarios quedando moitos deles sen poder participar.

II.5. Neste sentido, no ano 2025 participaron en obradoiros 1021 usuarios dos que 937 (91,77%) foron mulleres e 84 (8,23%) homes. Na actualidade hay aproximadamente 190 usuarios pendentes de asignar obradoiro e moitas actividades de lecer grupais pendentes para iniciar.

II.6. Así as cousas, resulta necesario para o Concello de Vigo modificar o actual contrato para asumir ese maior gasto representado polo aumento de horas/monitor de obradoiros e actividades de avellentamento activo.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 5 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(...)

III. INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO – FINANCIAMENTO DO GASTO

III.1. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, con orzamento máximo (Disp. Adic. 33ª LCSP e Apdo. 3.L] FEC). Estas necesidades están suxeitas ás continuas demandas polo lo coñecemento das actividades o que unicamente permite facer unha estimación aproximada das mesmas.

III.2. En calquera caso, a estimación das necesidades actuais a maiores é a seguinte:

- 18 obradoiros - A.1 (1.5 horas x 40 semanas x 18 obradoiros) 1.080 horas
- 5 actividades -A.2 (2 horas x 2 monitores x 16 semanas x 5 actividades) 320 horas
- 50 actividades- B.1 < 25 persoas(3 horas x 50 actividades) 150 horas
- 25 actividades- B.1 > 25 persoas (3horas x 25 actividades x 2 monitores) 150 horas

Total horas 1.700 horas x 34,33€/h = 58.361€

Distribución anual

- Ano 2026 de 01.05.2026 a 31.12.2026 incrementáanse 1.020 horas x 34,33€/h = 35.016,60€
- Ano 2027 de 01.01.2027 a 30.04.2027 incrementáanse 680 horas x 34,33€/h = 23.344,40€

III.3. Polo tanto, propónse incrementar o vixente contrato de avellentamento activo "Vigo cidade amiga dos maiores" en 1.700 horas que supoñen 58.361€, o que supón un aumento do 18,07% do prezo do contrato (322.854,72€, IVE incl.), por debaixo do 20% que establece como máximo o PCAP.

III.4. O novo prezo do contrato para a segunda prórroga sería, pois, de 219.788,36 €. O incremento sería aplicable unicamente a segunda prórroga do contrato (01.05.2026 – 30.04.2027).

III.5. Todos eses incrementos de gasto financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 – "Programa avellentamento activo".

Podemos concluir, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada polo incremento de demanda de actividades por parte dos usuarios do servizo.

Estamos ante un suposto de modificación prevista no PCAP.

- O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC), polo que o que se modifica é o orzamento máximo previsto, con



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 6 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

afectación dos apartado 3A e 3E (anualidades). O método de cálculo do valor estimado (apartado 3D) xa contemplaba "unha posible modificación do contrato do 20%".

- A modificación está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a "necesidade de ampliación dos servizos prestados derivada do incremento do número de usuarios/as" (apartado 15C).
- Supón un incremento do orzamento máximo do contrato. Esta modificación tradúcese nun incremento de 58.361 euros do orzamento máximo, que agora é de 381.215,72 euros. O incremento é dun 18,07%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP que prevé que "no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades".

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 7 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros (322.854,72 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de 23 de marzo de 2026.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: favorecer a promoción da autonomía persoal, a prevención da dependencia das persoas maiores, o fomento da súa socialización e da súa participación en actividades de lecer. Este obxectivo está recollido no artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. De feito, o obxecto deste contrato é “o desenvolvemento das actividades do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política de Benestar Social, que ten por finalidade a prestación dun conxunto de actividades, obradoiros e viaxes ás persoas maiores de 65 anos para favorecer a vida saudable, a prevención da dependencia e reducir a soidade e así facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual”.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 58.361 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 2310.226.09.02 – “Programa avellentamento activo”, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2026	35.016,60 €
ANO 2027	23.344,40 €
Total	58.361 €

Resultando o prezo total para a anualidade de 219.788,36 €. O incremento sería aplicable unicamente a segunda prorroga do contrato (01.05.2026 – 30.04.2027).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 da LCSP que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 8 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. constituíu garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 13.341,10 euros e co número de operación 202300037601 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 16 de marzo de 2023. Tendo en conta que o apartado 9 C do PCAP establece que a garantía esixida será do "5% do orzamento base de licitación excluído o IVE, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 2.411,61 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 9 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o lote 1 do contrato dos servizos do programa de avellentamento activo, nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento máximo por mor do incremento do número de usuarios. Este incremento, de 58.361 euros (IVE incluído), aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 2310.226.09.02 – "Programa avellentamento activo", coa seguinte distribución por anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2026	35.016,60 €
ANO 2027	23.344,40 €
Total	58.361 €

Esta modificación representa un 18,07 % do prezo do contrato. O orzamento máximo do contrato, tras a modificación é de 381.215,72 euros, e a anualidade restante, segunda prórroga, terá un importe de 219.788,36 euros.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

4º.- *Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- *Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(270).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA. EXPTE. 25378/333.

Visto o informe xurídico do 27/03/2026 e o informe de fiscalización do 30/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Concello de Vigo, a través do seu servizo de deportes, fomenta e dinamiza a actividade deportiva en todas as súas manifestacións, desde diferentes perspectivas e con distintos obxectivos, que abarcan desde o deporte orientado á competición de alto nivel, o deporte de formación e escolar ou a actividade física orientada ó ocio e á saúde. Esta dinamización da actividade deportiva artículase a través de distintas iniciativas e programas, a través dos cales se canaliza a promoción deportiva municipal, e que inclúe a entrega de medallas e trofeos como parte deste fomento á participación.

2.- En virtude do anterior, para a realización deste subministro, en data 02.01.26 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do servizo de deportes, ao abeiro do cal, o día 07.01.26, o concelleiro de área de Goberno de Fomento, servizos e deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 11 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo de deportes o día 02.01.26, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da área de fomento, servizos e deportes o día 07.01.26.
- c) Prego de prescricións Técnicas asinado polo Xefe do servizo de deportes o día 27.02.26.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do servizo de deportes o día 24.02.26.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 15.01.26.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo xefe do servizo de deportes e asinada o día 24.02.26.
- g) Informe do servizo de contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinada pola xefa do servizo de contratación do día 25.03.26.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do servizo de Contratación do día 25.03.26.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do Contrato

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica e profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división por lotes 99.3.b) da LCSP, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 12 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular de asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de “OITENTA E OITO MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS” (88.991,24€).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servizo de deportes do día 27.02.26.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación do día 25.03.26.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3410.2260902 “Adquisición de medallas e trofeos”, coa seguinte distribución:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2026	34.859,02 €	7.320,39 €	42.179,41 €
2027	38.687,46 €	8.124,37 €	46.811,83 €
Totais	73.546,48 €	15.444,76 €	88.991,24 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 13 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4(271).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E DISCIPLINAS ASOCIADAS PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “CAMPIONATO DE ESPAÑA POR CCAA DE LOITA E A FINAL DA LIGA IBERDROLA DE LOITA FEMININA”. EXPTE. 25421/333.

Visto o informe xurídico do 26/02/2026 e o informe de fiscalización do 27/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 04.02.26, José Luís Olazabal Ibars, en n/r da entidade Federación Galega de Loita e D.A, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 6.000,00€ para a organización na cidade de Vigo do Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 25.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro Nacional de asociacións.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización, no seu caso.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 14 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Neste caso o Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina son uns dos eventos máis destacados a nivel nacional, cunha relevancia deportiva e social do mais alto nivel.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-Fomento actividades sociais-4.5-Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo nesta modalidade.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, tendo en edicións anteriores a participación de 200 deportistas de alto nivel. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 15 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O evento acolle participantes de todas as comunidades autónomas, na que só poden participar os e as mellores deportistas do país.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

A estas cuestións hai que engadir que a Federación Española de Loita, que ostenta os dereitos únicos das competicións, otorgou á Federación Galega de Loita os dereitos para a organización destas competicións na cidade de Vigo, tal e como queda acreditado na documentación aportada.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel Nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós e ás mellores deportistas nacionais.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

As competicións obxecto deste informe teñen non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae un número relevante de visitantes, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de deportistas de todo o país e cunha asistencia de público destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará o comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 16 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
- Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
- Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención, cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 6.000,00 € á entidade Federación Galega de Loita e D.A. (CIF G36651081) para a realización do evento deportivo “Cto. De España por seleccións autonómicas e Liga Iberdrola de Loita” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 6.000,00€ para subvencionar a celebración do “Cto. De España por seleccións autonómicas e Liga Iberdrola de Loita” a favor da entidade Federación Galega de Loita e D.A. (CIF G36651081), segundo resulta da documentación do expediente nº 25421-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 17 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E D.A EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “CTOS. DE ESPAÑA POR CCAA DE LOITA E A FINAL DA LIGA IBERDROLA DE LOITA FEMININA” (Expte. 25421-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, José Luis Olazábal Ibars na súa calidade de Presidente da Federación Galega de Loita e D.A CIF G-36651081 e enderezo social na Fotógrafo Luis Kasado, 17, na representación da mesma, tal e como consta na documentación do expediente 25421-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina”, á entidade Federación Galega de Loita e D.A que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

II.- Que a exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

III.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións deportivas. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

IV.- Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha competición de grande repercusión na cidade. A súa organización foi outorgada polo ente federativo á Federación Galega de Loita e D.A, que ostenta os dereitos de organización. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 18 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

VI.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VII.- Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.- Que a Federación Galega de Loita e D.A non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25421-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina”, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

FACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Loita e D.A comprométese a organizar o “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina” achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoptando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 19 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluir a celebración do “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina” na difusión municipal.

2º.- Conceder á Federación Galega de Loita e D.A, unha subvención para a organización do “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina” por importe de 6.000,00 euros, co obxecto de coadruar ao financiamento da programación, organización e execución do evento.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 20 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade beneficiaria da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria a Federación Galega de Loita e D.A. está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 21 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 22 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Federación Galega de Loita e D.A. se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Cto. De España por CCAA de loita e a Final da Liga Iberdrola de loita feminina”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 23 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 24 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

5(272).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “COPA DE ESPAÑA DE KAYAK DE MAR-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO”. EXPTE. 25422/333.

Visto o informe xurídico do 27/02/2026 e o informe de fiscalización do 27/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 06.02.26 (Complementada 18.02.26), Zulema M. Prado Quiroga, en n/r da entidade Club Marítimo de Vigo, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 13.500,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 25 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante, Composición da Xunta directiva, estatutos

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o evento “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” é un dos eventos máis relevantes a nivel nacional no ámbito da modalidade de Kayak de mar.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4.-Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 26 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo, de ámbito nacional.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, téndose prevista a participación de 700 deportistas. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade para os siareiros.

Está prevista a participación de deportistas de practicamente todo territorio nacional incluíndo lugares competidores de Asturias, Andalucía, Comunidad Valenciana, Canarias, Castilla e León, Euskadi, Cataluña, Cantabria Aragón e Murcia, tal como detalla a entidade solicitante no proxecto presentado.

A especialización e a excelencia previstas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

A “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” garante un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso entorno.

Os deportistas deste nivel nacional, estruturan os seus calendarios cunha antelación moi importante, polo que é fundamental garantir a estabilidade do evento ao obxecto de que o inclúan entre as súas competicións de referencia e manter o nivel competitivo do evento.

A relevancia do evento ven determinada da mesma forma polo volume de asistentes previsto nos días de celebración, contando ademais con que é unha oferta gratuíta. Este evento se singulariza e adquire unha relevancia excepcional polo seu carácter gratuíto para todo o público asistente. As actividades que conforman o evento desenvólvese nun entorno aberto ó público cun carácter gratuíto, que dota á competición dun acento diferenciador do resto de competicións habituais e que o posiciona como un referente non só polo seu nivel competitivo e espectacularidade, senón tamén pola súa accesibilidade.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es ás mellores deportistas a nivel nacional na modalidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 27 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de 700 deportistas de todo o país.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

A “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” ten non só un impacto deportivo e social da máxima relevancia. Ademais, atrae a un importante volume de espectadores, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional relevante, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama nacional e cunha asistencia de público moi destacada.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Exclusividade outorgada polo ente federativo, única entidade coa potestade para ceder a organización deste tipo de competicións.
- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 28 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención, polo que consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00€ á entidade Club Marítimo de Vigo (CIF G27780535) para a realización do evento deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2026 da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” a favor da entidade Club Marítimo de Vigo (CIF G27780535), segundo resulta da documentación do expediente nº 25422-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “COPA DE ESPAÑA DE KAYAK DE MAR-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO” (Expte. 25422-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Zulema M. Prado Quiroga na súa calidade de Presidenta da entidade Club Marítimo de Vigo CIF 27780535, na representación da mesma.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 29 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” á entidade Club Marítimo de Vigo que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

II.- Que a exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

III.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

IV.- Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha competición de grande repercusión na cidade. A súa organización foi outorgada polo ente federativo ó Club Marítimo de Vigo, que ostenta os dereitos de organización. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

V.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VII.- Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.- Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25422-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”, o CONCELLO e o Club Marítimo de Vigo conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 30 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Primeiro.- O Club Marítimo de Vigo comprométese a organizar a “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente, no caso necesario.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 31 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º- Incluir a celebración da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” na difusión municipal.

2º.- Conceder ó Club Marítimo de Vigo, unha subvención para a “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” por importe de 10.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento do evento.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade beneficiaria da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 32 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Club Marítimo de Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarásese en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 33 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que o Club Marítimo de Vigo se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 34 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia,

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 35 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

6(273).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER. EXPTE. 46400/220.

Visto o informe de fiscalización de data 06/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 31/03/2026, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente solicitude da área da xefatura de Igualdade conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando a urxente cobertura das prazas vacantes da categoría profesional de Diplomado/a en Traballo Social.

II.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente.

III.- Consta dilixencia de verificación administrativa de data 31/03/2026, que inclúe candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 31/03/2026, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino unha Diplomadas en Traballo Social con cargo ás praza vacante incluída na oferta de emprego correspondente ao ano 2025. (art. 10.1.a) do TREBEP).

V.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 36 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 37 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que **“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”**

O concreto apartado 4 citado recolle que **“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.**

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino. Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procédese á tramitación do expediente administrativo para a incorporación dun/ha Diplomado/a en Traballo Social con cargo á praza vacante incluídas na OEP 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 38 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Segundo os datos obrantes na área de RRHH e Formación, na Oferta de Emprego Público do ano 2025 (BOPPO núm. 31 de 16/02/2026), figuran 3 prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quenda libre, as cales non se atopan cubertas interinamente, figurando unha unha dotación vacante no servizo 331 de Igualdade.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5.12.2025; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 81 – diplomado/a traballo social.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo a dilixencia (trámite 58 do expediente) consta que:

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 39 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“ De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

Diplomada traballo social, vacante Igualdade: ARAUJO MONTENEGRO N. con DNI *0545****

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia”

O/a aspirante interesada/o e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 9/03/2026:

-O custo para 1 posto cod. 81-Diplomado/a Traballo Social, de iniciarse a súa relación o 1/04/2026, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2026:

SALARIO BASE	PAGAS EXTRA	CD 25	C ESPECÍFICO 690	S.S. EMPRESA 31,78%	TOTAL
10.795,68 €	4.422,01 €	6.973,74 €	12.079,17 €	10.891,20 €	45.161,80 €

Polo que o custo total para dous postos de Diplomado en traballo social (código 81) sería de **45.161,80 €**.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004.

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 40 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 Diplomado/a Tráballo Social
- Modalidade legal: funcionaria/o interina/o para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2025 (128.2 do TRRL), salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: Igualdade
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: O custo para 1 **posto** código 81 Diplomado/a Tráballos Sociais no servizo 311 Igualdade de iniciarse a súa relación o 1/04/2026, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2026:

SALARIO BASE	PAGAS EXTRA	CD 25	C ESPECÍFICO 690	S.S. EMPRESA 31,78%	TOTAL
10.795,68 €	4.422,01 €	6.973,74 €	12.079,17 €	10.891,20 €	45.161,80 €

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarias/os interinas/os con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, como Diplomado/a Tráballo Social á/aos candidata/o:

- **ARAUJO MONTENEGRO N. con DNI ***0545** (OEP 2025)**

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 41 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Igualdade, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(274).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO ADMINISTRATIVO E CONTROL ORZAMENTARIO. EXPTE. 2003/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/04/2026, asinado pola secretaria de Goberno local como instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 23 de xaneiro de 2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario baixo mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 29 de xaneiro de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 19 as bases que rexe a convocatoria.

En data 26 de febreiro de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 38 extracto da convocatoria.

En data 7 de marzo de 2026 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 59 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 30 de marzo de 2026 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentaronse os seguintes aspirantes

ASPIRANTE

DNI

RUTH MARIA GALLEGO SANTOS

4581*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 42 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

OSCAR COUCE SENRA

6778*

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas, formúlase a seguinte a **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de xefe/a do Servizo Administrativo e Control Orzamentario

ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
RUTH MARIA GALLEGO SANTOS	**4581***
OSCAR COUCE SENRA	**6778***

EXCLUÍDOS

NINGÚN

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(275).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SEGURIDADE. EXPTE. 2007/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/04/2026, asinado pola secretaria de Goberno local como instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 23 de xaneiro de 2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de xefe/a Seguridade mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 43 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En data 29 de xaneiro de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 19 as bases que rexe a convocatoria.

En data 26 de febreiro de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 38 extracto da convocatoria.

En data 7 de marzo de 2026 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 59 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 30 de marzo de 2026 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes

ASPIRANTE

DNI

ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO

1014*

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas, fórmulase a seguinte a **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de xefe/a Seguridade.

ADMITIDOS

NINGÚN

EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS DE EXCLUSIÓN
-----------	-----	----------------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 44 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO	**1014***	<ul style="list-style-type: none"> • Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período. • Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria. • A memoria presentada non está asinada electronicamente.
--------------------------------	-----------	--

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(276).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA A ORGANIZACIÓN DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPADA 2026. EXPTE. 6549/330.

Visto o informe xurídico de data 01/04/2026 e o informe de fiscalización do 09/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 17 de febreiro do 2026, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iníciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08. e a proposta dun convenio con esta entidade.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 45 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

- **PAISAXES SOÑADAS: 25 de xaneiro - 12:00 h.- Auditorio Martín Códax**

Intérpretes:

Ensemble Vigo 430: Amira Abouzahra (violín e viola) & Cristina Redondo (piano)

- **MOMENTOS RITUAIS: 31 de xaneiro - 20: 00 h.- Museo MARCO**

Intérpretes:

Ensemble Contemporáneo Vigo 430: Rafa Yebra (saxofón) & Wanshu Qiu (viola)

- **DO ÍNTIMO AO INFINITO: 14 de febreiro – 20:00 h.- Auditorio Afundación**

Intérpretes:

Nancy Zhou (violín) +

Ensemble Vigo 430: Mario Peris (violín II), Anuschka Pedano (viola I), Javier Escobar (viola II), Alessandra Gallo (violonchelo I), Isabel Figueroa (violonchelo II)

- **CAMIÑOS DA ALMA. 20 de marzo – 20:00 h.- Teatro Afundación Vigo**

Intérpretes:

Catherina Lee (violín) +

Javier Fajardo (director) +

Orquestra Sinfónica Vigo 430

- **ECOS E TRAVESÍAS.18 de abril – 20:00 h. – Basílica de Santa María de Vigo (Colexiata)**

Intérpretes:

Élise Bertrand (violín) +

Emma Wernig (viola) +

Pablo Puga (director) +

Orquestra Vigo 430

- **METAMORFOSES BARROCAS. 29 de maio – 20:00 h. – Basílica de Santa María de Vigo (Colexiata)**

Intérpretes:

Rachell Ellen Wong (violín e dirección) +

Amarilis Dueñas (violonchelo) +

Orquestra Barroca Vigo 430

- **II FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE CÁMARA DE VIGO 2026. SINERXÍAS**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 46 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

19 de setembro do 2026

Catherina Lee, Siqian Li e Ensemble Vigo 430

26 de setembro do 2026

Anuschka & Maria Pedano xunto a Alicia Cerrada (piano)

3 de outubro do 2026

Manuela Mitterer e Ensemble Barroco Vigo 430
(violín, violoncello, clave e tiorba)

17 de outubro do 2026

Clémence de Forceville e Ensemble Vigo 430

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 158.000 € (cento cincuenta e oito mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 8.000 €
-

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello con data 4 de marzo do 2026 (doc.260052071)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2026, obxecto deste convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 47 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar previsto nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa do ciclo de concertos da temporada 2026, figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 150.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 48 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 49 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “ ORQUESTRA VIGO. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025-20° Aniversario.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da “Asociación Orquestra Vigo 430” (CIF: G-27743475) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xenera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 50 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**”, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da “**ORQUESTRA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS**”, a cantidade de 150.000 euros.

IV.- Que a “**ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430**” non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 158.000 € (cento cincuenta e oito mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 8.000 €

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 51 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

- **PAISAXES SOÑADAS: 25 de xaneiro - 12:00 h.- Auditorio Martín Códax**

Intérpretes:

Ensemble Vigo 430: Amira Abouzahra (violín e viola) & Cristina Redondo (piano)

- **MOMENTOS RITUAIS: 31 de xaneiro - 20: 00 h.- Museo MARCO**

Intérpretes:

Ensemble Contemporáneo Vigo 430: Rafa Yebra (saxofón) & Wanshu Qiu (viola)

- **DO ÍNTIMO AO INFINITO: 14 de febreiro – 20:00 h.- Auditorio Afundación**

Intérpretes:

Nancy Zhou (violín) +

Ensemble Vigo 430: Mario Peris (violín II), Anuschka Pedano (viola I), Javier Escobar (viola II), Alessandra Gallo (violonchelo I), Isabel Figueroa (violonchelo II)

- **CAMIÑOS DA ALMA. 20 de marzo – 20:00 h.- Teatro Afundación Vigo**

Intérpretes:

Catherina Lee (violín) +

Javier Fajardo (director) +

Orquestra Sinfónica Vigo 430

- **ECOS E TRAVESÍAS.18 de abril – 20:00 h. – Basílica de Santa María de Vigo (Colexiata)**

Intérpretes:

Élise Bertrand (violín) +

Emma Wernig (viola) +

Pablo Puga (director) +

Orquestra Vigo 430

- **METAMORFOSES BARROCAS. 29 de maio – 20:00 h. – Basílica de Santa María de Vigo (Colexiata)**

Intérpretes:

Rachell Ellen Wong (violín e dirección) +

Amarilis Dueñas (violonchelo) +

Orquestra Barroca Vigo 430

- **II FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE CÁMARA DE VIGO 2026. SINERXÍAS**

19 de setembro do 2026

Catherina Lee, Siqian Li e Ensemble Vigo 430

26 de setembro do 2026

Anuschka & Maria Pedano xunto a Alicia Cerrada (piano)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 52 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

3 de outubro do 2026

Manuela Mitterer e Ensemble Barroco Vigo 430
(violín, violoncello, clave e tiorba)

17 de outubro do 2026

Clémence de Forceville e Ensemble Vigo 430

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da Asociación.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 53 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (150.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 54 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 55 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
 6. Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 56 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, **e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarse con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 57 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 58 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 59 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime do tódolos asinantes
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA. - LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 60 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

ORZAMENTO 2026

Table with columns for months (December to October) and rows for various budget categories like Gastos Personal, Gastos explotación, and Músicos por concierto. Includes sub-totals and grand totals.

10(277).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2026. EXPTE. 6494/330.

Visto o informe xurídico de data 05/02/2026 e o informe de fiscalización do 31/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 12 de xaneiro do 2026, a "Fundación Coral Casablanca de Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante a temporada 2026 (do 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026); por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de

S.ord. 10/04/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:24:54

Documento asinado



Table with 3 columns: Copia do documento - Concello de Vigo, Data impresión: 17/04/2026 14:25, Páxina 61 de 119; 2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026, CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD; PODE validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 42.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro, dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR DE NOVEMBRO DO 2025 A NOVEMBRO DO 2026

Ensayos de la Coral Nov.2025 a Nov.2026

MES / AÑO	NÚMERO
2025	
Noviembre	21
Diciembre	26
2026	
Enero	<u>23</u>
Febrero	<u>28</u>
Marzo	<u>32</u>
Abril	<u>31</u>
Mayo	<u>30</u>
Junio	<u>26</u>
Julio	<u>18</u>
Agosto	NADA
Septiembre	<u>23</u>
Octubre	<u>23</u>

TOTAL: 281 (Ensayos de todas las agrupaciones)

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 94.740 € (noventa e catro mil setecentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 23.500 €
- Donacións: 15.000 €
- Ingresos por billeteira: 14.740 €

DOCUMENTACIÓN.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 62 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 22 de xaneiro do 2026

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca de Vigo, para a organización do programa de concertos da temporada 2026, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca de Vigo para a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2026, axústase as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 63 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da temporada 2026 (do 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026), figurando na aplicación **3340.480.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 42.500 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación , por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados entre o 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026 que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas e que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 64 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e, Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 42.500 € (corenta e dous mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca de Vigo, CIF. G-27753771, para o financiamento do programa de concertos da temporada 2026 (do 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026), organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2026”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO”, PARA O FINANCIAMENTO DO

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 65 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2026 (do 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026)

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca de Vigo (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Urzaiz núm 18, 5º, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor de **FUNDACION CORAL CASABLANCA, PROGRAMA DE CONCERTOS** a cantidade de 42.500 euros.

IV.- Que a **FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 66 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2026 (do 15 de novembro do 2025 ao 8 de novembro do 2026), que se detalla na documentación achegada pola entidade

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 94.740 € (noventa e catro mil setecentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 23.500 €
- Donacións: 15.000 €
- Ingresos por billeteira: 14.740 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR DE NOVEMBRO DO 2025 A NOVEMBRO DO 2026

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 67 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	DÍA	HORA	LUGAR	INFORMACIÓN
1	12/12/2025	20.30	Teatro García Barbón Afundación - Vigo	Concierto Navidad Coros Filiales Coral Casablanca
2	13/12/2025	20.30	Teatro García Barbón Afundación - Vigo	Concierto Navidad Coral Casablanca y Orquesta
3	21/12/2025	12.00	Salón Regio Real Club Celta de Vigo	Concierto Navidad Coro Concepción Arenal Coral Casablanca
4	06/02/2026	20.30	Teatro García Barbón Afundación - Vigo	Concierto Benéfico Coral Casablanca
5	28/03/2026	12.00	Concatedral de Vigo	Misa Reconquista - Coral Casablanca
6	02/08/2026	12.00	Concatedral de Vigo	Misa Cristo Victoria - Coral Casablanca
7	12/06/2026	20.30	Teatro García Barbón Afundación - Vigo	Concierto Primavera Coros Filiales Coral Casablanca
8	13/06/2026	20.30	Teatro García Barbón Afundación - Vigo	Concierto Primavera Coral Casablanca y Orquesta
9	Abril 2026	20.30	VIGO	Coro Concepción Arenal Coral Casablanca
10	Mayo 2026	20.30	VIGO	Coro Concepción Arenal Coral Casablanca
11	Junio 2026	20.30	VIGO	Coro Concepción Arenal Coral Casablanca

Ensayos de la Coral Nov.2025 a Nov.2026

MES / AÑO	NÚMERO
2025	
Noviembre	21
Diciembre	26
2026	
Enero	<u>23</u>
Febrero	<u>28</u>
Marzo	<u>32</u>
Abril	<u>31</u>
Mayo	<u>30</u>
Junio	<u>26</u>
Julio	<u>18</u>
Agosto	NADA
Septiembre	<u>23</u>
Octubre	<u>23</u>

TOTAL: 281 (Ensayos de todas las agrupaciones)





CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 69 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (42.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 70 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 71 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlense **dous pagamentos** según o seguinte:

a) Un **primeiro pagamento a realizar no mes de xullo** e que se tramitará previa solicitude, na que se aboaran os gastos correspondentes as actividades efectuadas e xustificadas até o 30 de xuño do 2026.

b) Un **segundo e derradeiro pagamento** que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades realizadas e xustificadas entre o 1 de xullo e o 8 de novembro do 2026. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2026.

Documentación a incluír na conta xustificativa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 72 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2025 e o 8 de novembro do 2026, **e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 73 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 74 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 75 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 76 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 77 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ORZAMENTO 2026

PRESUPUESTO DE INGRESOS Y GASTOS 2025 - 2026

<u>INGRESOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>GASTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
Remesa Socios	23.500,00 €	Pago Facturas	15.050,00 €
Donaciones	15.000,00 €	Seg. Soc. e IRPF	17.450,00 €
Org. Públicos	42.500,00 €	Nóminas	42.440,00
Taquilla	14.740,00 €	Convenio Náutico	20.000,00 €
TOTAL	94.740,00 €	TOTAL	94,740,00 €

Desglose de Donaciones entidades Privadas

<u>EMPRESA</u>	<u>IMPORTE</u>
Armadora Pereira, S.A.	3.000,00 €
Fcc Medio Ambiente, S.A.U.	2,000,00 €
Maio Galicia, S.L.P.	1.000,00 €
Mascato, S.A.	3.000,00 €
Pescapuerta, S.A.	3.000,00 €
Suflenor, S.A.	1.000,00 €
Suflenor Aduanas, S.L.	1.000,00 €
Suflenorsa Transitarios, S.L.	1.000,00 €
TOTAL	15.000,00 €

11(278).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE DA ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO” PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL EJERCICIO 2026. EXPTE. 6563/330.

Visto o informe xurídico de data 05/03/2026 e o informe de fiscalización do 01/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:





CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Con data da entrada sede electrónica municipal o 25 de febreiro do 2026, a asociación “Cineclube Lumière Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMACIÓN

As proxeccións realízanse todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2025 ao 10 de novembro do 2026, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

Esta programación vaise consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estreas ou temas de actualidade que vaian xurdindo en cada momento. A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 22.956,54 € (VINTEDOUS MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 6.475 €
- Venda entradas: 6.059 €
- Publicidade: 422,54 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 79 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración doutras axudas.
- Xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil no período subvencionable.
- Escrito de aceptación do texto do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 04.03.2026 (doc. 260051582)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “Cine Clube Lumiere Vigo”, para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2026 obxecto do convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Cine Clube Lumière Vigo para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 80 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Cine Clube Lumiere Vigo” ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2026, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados dende o 15 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo a “Cine Clube Lumiere Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 81 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á entidade “Cineclube Lumiere Vigo”, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 “CONVENIO CINE LUMIERE, CINE EN VERSIÓN ORIXINAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumiere que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2026”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÉRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación “Cineclube Lumiere Vigo” (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 82 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

I.- Que “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**”, como medio que é de promover o cine en versión orixinal na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación “**CINE CLUBE LUMIERE. CINE EN VERSIÓN ORIXINAL**”, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a asociación “**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 83 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

programación do cine en versión orixinal 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 22.956,54 € (VINTEDOUS MIL NOVECENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 6.475 €
- Venda entradas: 6.059 €
- Publicidade: 422,54 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

As proxeccións realízanse todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2025 ao 10 de novembro do 2026, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

Esta programación váise consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estreas ou temas de actualidade que vaian xurdindo en cada momento.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoa Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 84 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 85 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido A ENTIDADE achega copia do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 86 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 87 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xullo do 2026, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao programa executado ata o 30 de xuño do 2026
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe restante, comprendido entre o 1 de xullo e o 8 de novembro do 2026. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2026.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 88 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Deberán atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 89 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2025 e o 8 de novembro do 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 90 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 91 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 92 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 93 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 94 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

GASTOS

CONCEPTO

Aluguer de películas	7.950, 00 Euros
Aluguer de oficina	3.600, 00 Euros
Portes	296, 33 Euros
Organización, xestión e gastos de oficina	11.110, 21 Euros

TOTAL	22.956, 54 Euros
--------------	-------------------------

INGRESOS

Cotas de socios e colaboradores	6.475,00 Euros
Venda de entradas	6.059,00 Euros
Publicidade	422,54 Euros
Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros

TOTAL	22.956, 54 Euros
--------------	-------------------------



12(279).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS A FAVOR DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D. EXPTE. 2452/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Decreto do Concelleiro Delegado de Fomento, Servizos e Deportes de data 1 de outubro de 2025, acordouse a iniciación de expediente para a adaptación e ordenación da explotación e uso do conxunto do Estadio Municipal de Balaiódos.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 95 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

— Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. (no sucesivo RCCV), aprobado polo Pleno do Concello de Vigo o 17 de maio de 1989, co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa.

— Téxto refundido do convenio de colaboración co mesmo obxecto, aprobado en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que introduciu as modificacións do texto anterior, aprobadas no acordo plenario de resolución do recurso de reposición interposto contra o devandito acordo plenario de 17 de maio de 1989.

— Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e o RCCV en orde a utilización do Estadio de Balaídos e as instalacións deportivas municipais de Barreiro e A Madroa eo acordo de novación modificativa do convenio anterior, aprobados pola Xunta de goberno Local o 20 de febreiro de 2009.

— Certificación da secretaria xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo (no sucesivo CZFV) expresiva da aprobación polo Pleno do CZFV, en sesión de 17 de xullo de 2024 da prórroga por prazo de 49 anos do dereito de superficie constituído en escritura pública de data 25 de maio de 1981, que figura no trámite 32 do expediente, en favor do Concello de Vigo sobre a parcela coñecida como “Grada de Río” do Estadio de Balaídos, cunha superficie de 4.598 m2, suxeita a aceptación municipal e ás condicións que na certificación se indican.

— Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local, do 4 de outubro de 2024, no que se acepta a devandita prórroga do dereito de superficie.

— Resolución do concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento Servizos e Deportes, de data 1 de outubro de 2025, na que, en base á remodelación de que ven sendo obxecto o Estadio e os novos espazos que nel se crean, así como a vista da nova regulación do réxime xurídico dos convenios administrativos tras a entrada en vigor da Lei 40/2015, dispón a iniciación de expediente para a adaptación e ordenación da explotación e uso do conxunto do Estadio Municipal de Balaídos.

— Informe urbanístico relativo al Estadio Minicipal de Balaídos, de data 1 de outubro de 2025, emitido pola arquitecta municipal, xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo.

— Informe da enxeñeira industrial municipal e do enxeñeiro de camiños, canais e portos, xefe da Área de Servizos Xerais, relativo aos custes de mantemento do Estadio de Balaídos.

— Estudio de viabilidade da concesión do Estadio de Balaídos/actualización, elaborado polo economista don José Angel Calvo Caneiro, da consultora IDOM.

— Informe económico sobre o valor do canon da concesión demanial do Estadio Municipal de Balaídos, de data 25 de marzo de 2026, emitido polo técnico de administración especial-economista da Dirección de Ingresos do Concello de Vigo.

— Escritura pública de prórroga do citado dereito de superficie, de data 13 de febreiro de 2026, autorizada pola notaria de Vigo dona Mónica alba Castro, co número 331 de orde do seu protocolo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2026 14:25

Páxina 96 de 119

2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026

CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

— Memoria xustificativa da concesión demanial do Estadio Municipal de Balaídos, Á que se unen o prego de cláusulas da concesión xunto dous anexos, asinada polo técnico de administración xeral da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, co conforme do xefe da Área de Servizos Xerais e o Visto e Prace do segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes en data 06.04.2026.

- Informe xurídico favorable do Xefe dos Sevizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais de data 06.04.2026

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O presente expediente ten por obxecto á ocupación do dominio público municipal do Estadio Municipal de Balaídos polo Real Clube Celta de Vigo (en adiante RCCV) constituindo un aproveitamento privativo dun ben demanial pertencente a esta administración, e conseguintemente suxeto o réxime xurídico previsto no ordeamento para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

Segundo.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, será o outorgamento directo, dacordo co presito no art.93.1 da LPAP que dispón que o “poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei cando se den circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, ou en outros supostos establecidos nas leis”.

O artigo 137.4 prevé como diversos supostos, xustificándose a concesión ao RCCV nos supostos do apartado 4.i (i) Cuando por razones excepcionales se considere conveniente efectuar la venta a favor del ocupante del inmueble. e 4.c (c) Cuando el inmueble resulte necesario para dar cumplimiento a una función de servicio público o a la realización de un fin de interés general por persona distinta de las previstas en los párrafos a) y b))

Terceiro.- De acordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse o corresponde prego de cláusulas que rexirán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal. A Memoria dos mesmos xustifica o réxime para a regularización do uso e utilización do Estadio Municipal de Balaídos por parte do RCCV

Consta informe da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a compatibilidade dos usos.

O importe do canon da concesión, de acordo co disposto no artigo 24.1 a) TRLRFL, determinouse en función das utilidades económicas do uso do Estado, constando no expediente informe da entidade IDOM e do economista municipal da dirección de ingresos, sobre o axuste deste aos prezos de mercado.

Tal e como vai dito, consta informe xurídico favorable do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais.

Trala aprobación do prego de cláusulas administrativas que servira de base a concesión, someterase a información pública polo prazo de trinta días. (art. 87.4 RBEL).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 97 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Prego de condicións económico-administrativas que rexerán a concesión administrativa do Estadio Municipal de Balaídos a favor do Real Club Celta de Vigo S.A.D.

Segundo.- Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de cláusulas económico-administrativas, que se entenderá definitivamente aprobado de non formularse alegacións o mesmo durante o dito período de información pública.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS A FAVOR DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONCESIÓN

O obxecto do presente prego é definir as condicións que rexerán a autorización para a utilización privativa do Estadio Municipal de Balaídos, sito na Avenida de Balaídos.

Dita autorización ten a natureza xurídica de concesión de dominio público, constitutivo dun aproveitamento privativo de bens de dominio público conforme ao disposto no artigos 75.2 e 78.1 a) do Regulamento de bens da entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1996, e no establecido nos artigos 93 e seguintes da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

A concesión administrativa de dominio público non implicará cesión do mesmo nin das facultades dominicais do Concello de Vigo e efectúase con suxeición ao disposto nas cláusulas contidas no presente Prego e no establecido no art. 93 e seguintes da Lei Patrimonio das Administracións Públicas e normas concordantes e de desenvolvemento.

SEGUNDA.- DESCRICIÓN DO INMOBLE E CONDICIÓNS URBANÍSTICAS

Tratase dun ben de dominio público municipal inscrito. O obxecto da concesión abrangue o Estadio Municipal de Balaídos e a parcela na que se empraza o Sistema Xeral que se adxunta como ANEXO I.

Condicións urbanísticas:

Tal e como se reflicte no informe da arquitecta municipal de 1 de outubro de 2025, que figura incorporado ao expediente:

«No Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 26/05/2025, o Estado Municipal de Balaídos emprazase en solo urbano



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 98 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

consolidado, incluído no sistema xeral de equipamento comunitario público como un equipamento Deportivo existente SX-EQ-DE-333.

De conformidade coa normativa urbanística do PXOM, artigo 73.4, a singularidade dos sistemas xerais de uso dotacional, nos que poden concorrer circunstancias de edificios singulares, non poden estar limitados polas condicións propias establecidas na ordenanza U10 dotacional-equipamentos, polo que as condicións de edificabilidade, volumetría e en xeral condicións de edificación serán as propias que conteña o proxecto desenvolto para o fin dotacional específico que se busque. Ademais, de conformidade co artigo 54.3, nas parcelas cualificadas de usos dotacionais ademais do uso característico principal, neste caso instalacións destinadas á práctica do deporte e anexos de servizo, edificacións para espectadores e aparcamentos, poderase dispor de calquera outro compatible cos fins dotacionais previstos, con limitación do residencial. Nos supostos anteriores os usos complementarios deberán estar suxeitos ás condicións específicas do uso determinado. Ademais o mesmo artigo establece que respecto de calquera uso dotacional considéranse como usos compatibles aqueles usos posibles, vinculados ao uso principal, que contribúan ao seu desenvolvemento, que quedarán integrados funcional e xuridicamente con aquel. Estes usos compatibles non poderán superar o cincuenta por cento (50%) da superficie. Terán carácter de uso compatible dentro dos usos dotacionais, os usos terciarios ou similares, que poderán ser utilizados en aluguer ou concesión administrativa ou calquera outro réxime que non vulnere a titularidade pública. A determinación de utilización destes usos compatibles, non vén limitada pola asignación de usos permitidos ou compatibles da ordenanza 10 de dotacional equipamentos.

Ademais, de conformidade coa documentación do PXOM a parcela ten as seguintes afeccións:

- Segundo o RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, a parcela están dentro da zona de policía de 100 m de augas do canle do río que descorre nas súas proximidades, polo que estarán suxeitos as limitacións que dita normativa sinala.

- De conformidade co Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, parte da parcela está na zona de fluxo preferente (raiado azul) e nas zonas inundables T100(cor amarelo) e T500 (cor sepia). Nos ámbitos de fluxo preferente e nas zonas inundables estarase ao establecido na lexislación en materia de augas, en especial as prescricións recollidas nos artigos 9 a 14 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

- A parcela está afectada polas servidumes aeronáuticas establecidas para o Aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, polo que estará suxeita as limitacións que sinala o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril.

- A parcela linda co Camiño de Santiago, variante portuguesa pola costa, tramo Vigo medio, ficha CS.00.002, incluída no Catálogo de Elementos do Patrimonio Cultural, Natural e Paisaxístico do PXOM»

TERCEIRA.- PRAZO DA CONCESIÓN

A concesión outorgase polo prazo máximo de 50 anos a contar dende a data da formalización da concesión, resultando extinguida automaticamente ó remate deste sen necesidade de

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 99 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

comunicación ou preaviso municipal. O prazo anterior poderá ser prorrogado ata un máximo de 75 anos, previo acordo expreso e por escrito de ámbalas dúas partes.

CUARTA.- CANON CONCESIONAL

O canon concesional, de acordo ao disposto no artigo 93 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, e 80.7 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986) terá a natureza xurídica de taxa.

O canon anual a satisfacer polo concesionario en contraprestación ao aproveitamento privativo do inmovible que se cede fíxase en 802.837,93€, aplicándose unha actualización anual dun 2% nos sucesivos anos.

O canon obtense tal e como preceptúa o artigo 24.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, tomando como referencia o valor da utilidade derivada do bens ocupados. O cálculo detallado do mesmo figura no Estudo de Viabilidade da Concesión realizado por un experto independente, alleo aos servizos municipais: a consultora IDOM, e foi informado de conformidade pola da Dirección de Ingresos, con data 25.03.2026.

O canon permanecera invariable ao longo da vida da concesión sen prexuízo das actualizacións que van ditas e dos axustes que poida experimentar nos supostos en que se produza unha variación da utilidade económica que a concesión representa para o adxudicatario e que se regulan ao final da presente cláusula.

O importe do canon non se atopa suxeito a IVA, por aplicación do disposto no artigo 7.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

O canon anual devindicarase o primeiro día do exercicio natural, agás no ano de inicio do contrato que terá lugar na data da formalización da concesión. Será rateable o dito canon anual por meses enteiros cando a data da sinatura do contrato ou o remate da concesión non coincidan coa data de un de xaneiro. Para o rateo entenderase incluído o mes da data da sinatura do contrato ou o do remate da concesión.

O canon anual farase efectivo nun único prazo. O período de pagamento será dentro dos 20 primeiros días do mes seguinte a aquel no que se devindique o correspondente canon. Se o 20 do mes correspondente, fose inhábil, estenderase o período ata o día seguinte hábil posterior.

O concesionario está obrigado a realizar declaración-autoliquidación, segundo impreso facilitado pola Administración Municipal, durante os períodos de pagamento sinalados anteriormente.

O pagamento do canon anual rexerese polo establecido para o pagamento das débedas por ingresos de dereito público, en todo o non regulado nestes pregos.

A falla de presentación de declaración-autoliquidación ou o impago nos prazos sinalados do canon anual poderá dar lugar, ademais do contemplado no Regulamento Xeral de Recadación para as débedas non ingresadas en prazo voluntario a sancións por importe do 50% ao 100% do importe non ingresado.

Todos os gastos e demais impostos que graven a concesión correrán por conta do adxudicatario, non podendo repercutir custo algún ao Concello de Vigo, sen prexuízo das reducións ou axustes do canon concesional que se regulan na presente cláusula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 100 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

O importe do canon antes fixado poderá verse reducido ou axustado cando concorran as circunstancias que se indican a continuación, toda vez que as mesmas producirán durante a súa concorrencia unha alteración dos ingresos do concesionario, que afectan ao valor de utilidade económica do ben ocupado, recollido no Estudo de Viabilidade de Concesión, e xustifican o reaxuste do canon nos termos se sinalan de seguido:

I.- Durante o período de execución das obras da grada de Gol e, no seu caso, da grada de Tribuna, en función do importe dos ingresos deixados de percibir polas obras nas ditas gradadas e os importes deixados de percibir como consecuencia da recolocación de socios e abonados das gradadas en obras nas gradadas existentes.

Para a determinación do axuste tomarase en consideración a diferenza entre o deixado de ingresar dende a data de formalización da concesión, que se calculará sobre os ingresos obtidos, e xustificadas pola concesionaria na última tempada en que as gradadas foron utilizadas durante a totalidade da mesma.

II.- Nos mesmos termos tomados en consideración no Estudo de Viabilidade da Concesión para a determinación do canon, cando se produza a alteración dos supostos de feito determinantes deste, como consecuencia da realización polo adxudicatario de inversións en obras que, de conformidade coa normativa contable, teñan un período de amortización igual ou superior a 5 anos e fosen previamente autorizadas polo Concello.

Xunto coa autorización municipal de investimento establecerase o calendario do canon axustado. No caso de que a inversión realizada superase o canon aplicable á anualidade correspondente, a diferenza entre a inversión realizada e o canon reducirase nas anualidades seguintes.

No caso de que o período de amortización exceda o prazo de finalización da concesión deberá terse en conta na redución ou axuste do canon.

QUINTA.- COMPENSACIÓN DO CANON

O canon será obxecto de compensación coas cantidades que o Concello de Vigo acorde achegar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a organización e desenvolvemento por esta entidade deportiva de actividades de impulso da cultura, lecer e tempo libre, que promovan e difundan a marca Vigo, vinculadas ao Estadio Municipal de Balaídos.

Polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. presentarase unha proposta de actuación á Comisión de Seguimento da concesión, regulada na cláusula XVI, na que se xustifique a actividade a realizar, así como as accións de promoción que difundan de maneira relevante a imaxe/marca Vigo. O retorno da inversión (ROI) deberá ser superior ao 500% do importe do canon a compensar. A actuación proposta polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. será avaliada previamente a súa presentación por experto independente e deberá ser aprobada polo Concello de Vigo con anterioridade á súa realización.

En todo caso nas actuacións propostas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Considerar ao Concello de Vigo como único patrocinador institucional/administración pública nas accións promocionais. O Concello de Vigo poderá exceptuar esta obriga nos termos establecidos na cláusula VIII.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 101 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Incluir a imaxe/marca institucional do Concello de Vigo nas diferentes comunicacións dos ditos eventos.

- O Concello de Vigo se reserva o dereito a designación ou denominación do evento

- Na realización das actividades sinaladas pertencerán, con carácter exclusivo, ao Concello de Vigo os dereitos relativos á imaxe, promoción e cartelería do evento,

Una vez finalizada a actuación, polo Real Club Celta presentarase xustificación das actuacións para a revisión, aprobación e recoñecemento polo Concello de Vigo

No caso de que polo Concello de Vigo, previo informe da empresa encargada da verificación e valoración desta actuación, se comprobe o correcto cumprimento dos requisitos sinalados, se procedera a aprobación da compensación para a dita anualidade.

SEXTA. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A concesión adxudicarase mediante outorgamento directo ao Real Club Celta de Vigo S.A.D. segundo o previsto nos artigos 93 e 137.4.c e 137.4.i Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

SÉTIMA.- OBRAS A REALIZAR POLO CONCESIONARIO

O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá executar obras de remodelación, reforma, mellora ou ampliación das instalacións, previa autorización do Concello de Vigo. Para elo, presentará o proxecto das obras a executar coa correspondente memoria xustificativa ao Concello de Vigo para a súa aprobación. No acordo de autorización establecerase o calendario das obras e o axuste, no seu caso, do canon, xunto co seu calendario.

Terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final das mesmas, asinado polo seu Director e visado polo Colexio Oficial correspondente, no que deberán estar incluídas todas as obras executadas e solicitará por escrito o recoñecemento final das mesmas dentro do mes seguinte a súa finalización.

Levantarase Acta de comprobación das obras coa asistencia dun técnico municipal en representación do Concello de Vigo, do concesionario e do Director das obras, que recollerá a relación descritiva e valorada das obras e planos das mesmas. As obras axustaranse ao proxecto aprobado polo Concello e calquera modificación que o concesionario pretenda introducir, deberá ser previamente sometida á aprobación do Concello e obter a correspondente autorización.

Finalizadas e recibidas as obras revisarase polo Concello de Vigo o importe do canon a satisfacer polo concesionario.

OITAVA.- DEREITOS E OBRIGAS REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD E DO CONCELLO DE VIGO. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

A) DEREITOS E OBRIGAS DO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 102 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. ten dereito á posta a disposición polo Concello do inmobile obxecto da concesión e a súa ocupación privativa e exclusiva para o seu uso durante o prazo concesional e consonte ao disposto no presente prego e a normativa urbanística de aplicación.
- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. ten dereito, ben directamente ou a través da entidade que xestione eses dereitos, á comercialización dos dereitos audiovisuais e de todo tipo vinculados á celebración dos eventos deportivos nos que participe o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. no Estadio de Balaídos e á comercialización dos espazos publicitarios nos termos previstos neste Prego. Este dereito tamén comprenderá calesquera outros eventos que poidan ter lugar no Estadio de Balaídos.
- A utilización do Estadio Municipal de Balaídos ten como fin principal o uso do Estadio Municipal de Balaídos para o uso deportivo, concretándose a mesma na celebración de encontros e adestramentos da competicións deportivas nas que participe o Real Club Celta de Vigo S.A.D. (primeiro equipo masculino, feminino e equipos filiais), así como a utilización do mesmo para os usos asociados previstos na normativa urbanística nas condicións especificadas na mesma. A utilización para os usos asociados poderá ser realizada, de forma directa ou indirecta, por calquera forma admitida en dereito.
- Os gastos de subministros e servizos do Estadio serán a cargo do Real Club Celta de Vigo, S.A.D., salvo nos casos expresamente previstos neste Prego.
- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. obrígase a que o Estadio Municipal sexa a sede do equipo profesional de fútbol masculino actualmente na 1ª división da LFP, durante a vixencia da concesión e a disputar nel os seus partidos como equipo local e tódalas competicións organizadas pola UEFA, FIFA, RFEF ou calquera competición na que participe o equipo, sempre e cando as normas da respectiva competición non obriguen a disputar o mesmo noutra sede.
- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. se compromete a facer fronte a todos os gastos que ocasione a conservación, reparación, melloras, reformas, mantemento, limpeza e seguridade necesarios para garantir o bo uso das instalacións dende a data da formalización da concesión, así como ao custos dos subministros necesarios para o correcto funcionamento das ditas instalacións. Así mesmo deberá pagar todos os impostos dos que sexa obxecto o inmobile.
- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá manter e conservar o Estadio municipal e as súas instalacións (tanto as xa existentes como as novas que se poidan executar), así como a parcela na que se ubica, coa excepción das zonas públicas que se sitúen fora dos muros do estadio, en perfecto estado de utilización, funcionamento, limpeza e hixiene, de acordo co Plan de Mantemento e Conservación do Estadio, que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá elaborar e a realizar ao seu cargo os traballos de conservación, mantemento e reposición e cantas reparacións sexan precisas para cumprir con dito Plan. En particular, correrán a seu cargo todas as reparacións maiores ou menores, tanto ordinarias coma extraordinarias, que sexan necesarias para manter todas as instalacións obxecto de concesión en estado de servir ao uso a que están destinadas, sen que o Concello teña que abonar cantidade algunha por ditas reparacións. Todas as obras e reparacións que se realicen polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. quedarán en beneficio do Concello de Vigo, unha vez finalizada a concesión, sen que este teña que abonar ningunha cantidade.

O concesionario se obriga a realizar e a costear o mantemento (correctivo, preventivo e normativo) do estadio e a súas instalacións, conforme ao establecido na lexislación vixente.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 103 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anualmente o concesionario presentará unha memoria coas actuacións realizadas no ano inmediatamente anterior.

En ningún caso serán por conta do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. aquelas intervencións que se teñan que realizar no estadio como consecuencia de vicios ocultos.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá realizar as obras necesarias que excedan da mera conservación e mantemento e que poidan ser impostas pola LFP, UEFA, etc., así como pola finalización da vida útil de calquera elemento ou estrutura do estadio, ou aquelas outras obrigadas pola normativa que puidera aprobarse posteriormente á formalización da presente concesión.

A execución das obras de inversión polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. permitirán revisar o importe do canon segundo o establecido na cláusula IV.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá establecer unha denominación comercial para o Estadio debendo en todo caso respectarse no nome do mesmo a denominación "Estadio Municipal de Balaídos". A citada denominación comercial poderá poñerse antes e/ou despois do nome de Balaídos.

Non se admitirán nomes que atenten contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller. O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. remitirá a denominación proposta ao Concello de Vigo que deberá aprobar a mesma coa única limitación do cumprimento das citadas prohibicións. Queda prohibida a introdución do nome doutra administración ou entidades dependentes ou propiedade destas, así como de persoas físicas.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. subscribirá unha póliza de seguro de todo risco, perda e danos materiais, polo importe do valor do inmovible. Ademais, está obrigado a indemnizar a terceiros polos danos e prexuízos que poidan producirse a terceiros como consecuencia do uso e funcionamento normal ou anormal da actividade que desenvolve no ben obxecto de concesión, para o que subscribirá unha póliza de aseguramento de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros. O Concello de Vigo será beneficiario de estas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión. Anualmente, xustificárase o abono da prima anual destes seguros e a súa vixencia.

Así mesmo se subscribirán todas aquelas pólizas que sexan preceptivas por normativa específica dos eventos ou actividades que se desenvolvan no Estadio Municipal.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. facilitará calquera actuación de inspección e control por parte do Concello de Vigo.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. coñece a circunstancia de que o Estadio Municipal de Balaídos atópase nun ámbito identificado como «Area de Risco Potencial Significativo de Inundación», segundo previsto no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo de avaliación e xestión de riscos de inundación, e, daquela, o risco de inundación existente, e comprométese a ter en conta dita circunstancia ante a celebración de eventos no estadio, a adoptar as medidas pertinentes para facer fronte a este risco e a trasladar a información necesaria aos posibles afectados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 104 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. é responsable do cumprimento do Real Decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá organizar as actividades que se describen na cláusula V de impulso da cultura, ocio e tempo libre, así como a promoción e difusión da marca Vigo vinculado ao Estadio Municipal de Balaídos.

O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. comprométese a garantir o cumprimento da normativa vixente para a celebración de calquera tipo de espectáculo no Estadio Municipal de Balaídos (seguridade, etc.) coa excepción dos organizados directamente polo Concello de Vigo que serán conta de éste.

- O concesionario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade do procedemento de adjudicación pola inserción de anuncios nos boletíns oficiais

- O Real Club Celta de Vigo, S.A.D. poderá hipotecar a concesión exclusivamente polo período máximo de duración da mesma debendo comunicar esta circunstancia ao Concello de Vigo para a súa previa autorización. En caso de resolución do contrato, calquera que sexa a causa, o concesionario deberá cancelar a súa costa a hipoteca que gravara o seu dereito real.

B) DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

- O Concello de Vigo ostentará a prerrogativa de interpretar o contido da concesión e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

- O Concello de Vigo ostentará a prerrogativa de modificar a concesión por razóns de interese público debidamente xustificadas.

- O Concello de Vigo poderá inspeccionar en calquera momento as instalacións e o seu uso adecuado, podendo ordenar ao concesionario as reparacións que deban realizarse, así como canto sexa necesario para a correcta utilización do ben.

- O Concello de Vigo reservase o dereito exclusivo de utilización das pistas e espazos baixo a grada de Río que se delimitan no anexo II, sendo de conta do Concello os gastos de subministracións e servizos dos mesmos, así como as actuacións de conservación, mantemento, reparación e reposición dos mesmos.

- A superficie da parcela indicada no anexo I continuará no uso público sendo o mantemento por tanto por conta do Concello en tanto non se acorde o contrario polas partes ou se proceda á ampliación sobre ela da grada de Tribuna.

- O Concello de Vigo reservase o dereito á utilización de espazos publicitarios do Estadio Municipal para a exhibición da marca Concello de Vigo en tódolos eventos que se celebren no mesmo. A marca do Concello de Vigo deberá ser visible dende calquera punto do Estadio. Polo Real Clube Celta de Vigo remitírase proposta ao Concello de Vigo o cal deberá dar conformidade á mesma.

En todo caso o Concello de Vigo reservase con carácter exclusivo a exhibición de publicidade institucional en calquera evento a celebrar no Estadio Municipal, salvo que dita administración

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 105 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dispoña de forma expresa o contrario, previa consulta á comisión de seguimento. Os restantes espazos publicitarios poden comercializarse polo Real Club Celta coas citadas limitacións.

A obriga anterior decaerá naqueles casos en que a publicidade poda vir imposta por unha norma de obrigado cumprimento ou se derive das obrigas que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. adquira como consecuencia da súa participación en competicións oficiais e veñan impostas pola LA LIGA, RFEF, UEFA, FIFA. Tamén decaerá naqueles eventos deportivos (mundial, encontros e/ou adestramentos de seleccións ou equipos foráneos, campionatos, etc.) nos que, por exigencias da súa organización ou da normativa de obrigado cumprimento, veñan impostas obrigas en materia de publicidade incompatibles coa previsión recollida no presente documento en canto a publicidade institucional do Concello de Vigo.

Non se admitirá publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller.

- O Concello de Vigo reservase o dereito de utilizar o Estadio Municipal para a celebración de eventos de interese xeral para a cidadanía respectando en todo caso o calendario de competición oficial do club.

Nos ditos eventos o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. facilitará os suministros e servizos necesarios que estean ao seu nome (electricidade, seguridade, etc.), sen menoscabo da repercusión do seu custe ao Concello de Vigo.

- O Concello de Vigo reservase o dereito de acceso da corporación municipal do Estadio ao Palco de Autoridades do mesmo en todos os eventos que se celebren, con carácter gratuíto e con localización preferente, mantendo a Alcaldía-Presidencia o posto de honra que lle corresponde no mesmo a carón da presidencia do club, así como o posto inmediatamente contiguo para a autoridade a designar polo Concello. O Concello de Vigo como propietario do Estadio municipal debe ser a administración con maior presenza institucional na primeira fila do palco de autoridades.

No resto dos asentos do Palco de Autoridades respectarase o Real Decreto 2099/1983, de 4 de agosto, que aprobou o Ordenamento Xeral de Precedencias no Estado, cuxo cumprimento poderá esixir o Concello.

- O Concello de Vigo reservase o dereito de realizar obras de carácter estrutural de reforma ou ampliación necesarias para a celebración de eventos que o Concello considere convinte para a cidade de Vigo.

A execución das citadas obras realizaranse coordinadamente co Real Club Celta, S.A.D aos efectos de minimizar as afeccións ao esta, e poderán dar lugar á minoración do canon polos prexuízos económicos que se irroguen ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D., nos termos previstos na Cláusula Cuarta.

- O Concello de Vigo conta coa prerrogativa de acordar a resolución da concesión nos casos e condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

- O Concello de Vigo realizará, no ámbito das súas competencias, cantas actuacións e intervencións sexan necesarias para diminuír os riscos derivados da situación do estadio en Área de Risco Potencial Significativo de Inundacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 106 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

- O Concello de Vigo, no momento de formalización da concesión, obrígase a entregar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. todos os manuais de mantemento e uso ou utilización das instalacións obxecto da concesión, así como as instrucións correspondentes relativas ao indicado mantemento.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Considerase infracción calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña a vulneración das obrigas establecidas no presente prego de cláusulas, e nas demais normas xerais de aplicación. Será de aplicación sobre infraccións e sancións e réxime sancionador o previsto no Título IX da LPAP.

As infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación establecida no artigo 192 LPAP.

En todo caso constituirán infraccións moi graves:

- O incumprimento da obrigación por parte do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. da utilización do Estadio Municipal como sede local do equipo profesional masculino.
- A introdución dun nome comercial no Estadio Municipal de Balaídos incumprindo as previsións deste título concesional.
- O incumprimento da obriga de facilitar ao Concello de Vigo a realización de actividades e no seu caso de obras que se reserva no presente prego de cláusulas.
- A reincidencia na comisión de infraccións graves. A estes efectos constitúe reincidencia a comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente prego de cláusulas, nun período de dous anos consecutivos, ou cinco infraccións graves na totalidade do prazo da concesión.
- O incumprimento das obrigas de publicidade institucional contidas no presente Prego.
- Destinar o Estadio Municipal a actividades distintas das autorizadas.
- O impedimento ou a obstrución ao persoal municipal no exercicio das súas funcións inspectoras ou de control do edificio e as súas instalacións.
- Non abonar as primas das pólizas de seguro preceptivas.
- Poñer en perigo o ben obxecto da concesión.
- Calquera das consideradas como faltas moi graves na normativa urbanística ou sectorial de aplicación para cada unha das actividades ou servizos que se desenvolvan dentro do obxecto da concesión.
- A falsidade comprobada de informes, datos, etc. proporcionados polo concesionario ao Concello de Vigo así como ocultamento dos mesmos, que resulten importantes no desenvolvemento da concesión e afecten á mesma.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 107 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O incumprimento das obrigas de conservación e mantemento previstas neste Prego e no Plan de Conservación e Mantemento, cuxa inobservancia sexa considerada moi grave no prego de cláusulas.

- O incumprimento das obrigas establecidas no presente prego de cláusulas respecto do protocolo de aplicación ao Palco de Autoridades.

As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, nos termos previstos nos artigos 193 e seguintes LPAP ou normativa que a substitúa.

A imposición de calquera das sancións previstas será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao estado orixinario, así como a indemnización dos danos e perdas causados ou a resolución da concesión cando proceda.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN

A presente concesión extinguirase polo seu cumprimento ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución as previstas no artigo 100 da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas ou normativa que a substitúa.

Entre as faltas moi graves que suporán en todo caso a extinción da concesión atópanse as seguintes:

- O incumprimento da obriga por parte do Real Club Celta de Vigo da obriga contemplada no prego de que o Estadio Municipal sexa a sede do equipo profesional de fútbol masculino, durante a vixencia da concesión e a disputar nel os seus partidos como equipo local e tódalas competicións organizadas pola UEFA, FIFA, RFEF ou calquera competición na que participe o equipo, sempre e cando as normas da respectiva competición non obriguen a disputar o mesmo noutra sede.

- O incumprimento moi grave das obrigas de conservación e mantemento previstas neste prego de cláusulas e no Plan anual de conservación e mantemento.

Nestes supostos a concesionaria deberá indemnizar, en concepto de danos e perdas, ao Concello de Vigo no 50% do importe total do canon que debería terse abonado na totalidade da concesión. Para a súa determinación non se terán en conta os axustes do canon nin as compensacións que se prevén nas cláusulas IV e V do prego.

Unha vez extinguida a concesión, en ningún caso o Concello de Vigo se subrogará na posición da concesionaria respecto do persoal contratado por esta.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REVERSIÓN

Á extinción da concesión, por calquera das causas previstas neste prego de cláusulas, o Estadio Municipal de Balaídos, con todas as súas instalacións e obras reverterá gratuitamente ao Concello de Vigo, libres de cargas, sen que o concesionario teña dereito a contraprestación algunha pola reversión. O Estadio revestirá en condicións de uso e conservación adecuadas ao seu destino.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 108 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Unha vez transcorrido o prazo máximo da concesión o concesionario deberá abandonar e poñer á libre disposición do Concello de Vigo o Estadio e instalacións, obxecto da concesión. En caso contrario a Administración municipal terá a potestade de acordar e executar por si mesma o lanzamento.

DÉCIMO SEGUNDA.- CESIÓN

Queda prohibida a cesión, directa ou indirecta, da concesión sen autorización do Concello de Vigo. Enténdense xa autorizadas todas aquelas cesións que se recollen no presente prego.

DECIMO TERCEIRA.- RESCATE

En caso de rescate anticipado da concesión, o Real Club Celta de Vigo será indemnizado polos quebrantos materiais xurdidos pola extinción anticipada. O rescate deberá estar baseado en circunstancias sobrevidas de interese público.

DÉCIMO CARTA.- XURISDICIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos desta concesión serán resoltas pola Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, como órgano municipal competente para o seu outorgamento, cuxos acordos porán fin á vía administrativa. Contra os mesmos poderase interpor potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou impugnala directamente ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da mesma notificación. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o correcto desenvolvemento dos dereitos e obrigas contemplados no presente prego de cláusulas constituirase, unha vez formalizada a concesión, unha comisión de seguimento, composta de forma paritaria por 3 persoas representantes de cada unha das partes. Entre os membros do Concello de Vigo ao menos un deles terá a condición de funcionario e actuará como Secretario da Comisión. A Presidencia da Comisión corresponderá ao Concello de Vigo.

Na citada comisión tratarase calquera asunto referente á concesión que deba ser aprobado posteriormente polo Concello de Vigo, así como a proposta anual de calendario de actividades do Estadio e de actuacións de mantemento e obras a realizar no mesmo e calquera outras cuestións referentes ao Estadio que se propoña por calquera das partes. Tamén se informará pola concesionaria no seo desta Comisión das posibles incidencias que se produzan en relación coas instalacións.

A comisión de seguimento propondrá motivadamente á Xunta de Goberno Local a resolución das dúbidas e interpretacións que presente o contrato concesional e o seu cumprimento.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 109 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Disposición adicional 1ª.- O importe do canon será obxecto de revisión polo Concello no caso de que o Real Club Celta de Vigo descenda de categoría atendendo ao valor da utilidade derivada da utilización privativa do estadio na correspondente categoría e tendo en conta os menores ingresos consecuencia do descenso. O canon poderá ser obxecto de revisión no suposto de participación en competicións europeas se da lugar á modificación do valor da utilidade derivada na explotación do Estadio municipal.

Disposición adicional 2ª.- O importe do canon será tamén obxecto de revisión polo Concello unha vez se leva a cabo, no seu caso, a execución da ampliación da grada de Tribuna.

Así mesmo, calquera obras de carácter estrutural, de reforma ou ampliación, ou calquera outra intervención que poda levar a cabo o Concello de Vigo no Estadio de Balaídos e que modifiquen o valor da utilidade derivada na explotación do Estado municipal, poderán dar lugar ao revisión do canon, tanto a alza como a baixa.

Disposición adicional 3ª.- O Concello de Vigo comprométese, unha vez finalizadas as obras da grada de Gol, á entrega das mesmas ao Real Club Celta de Vigo, que se integrarán no conxunto da concesión.

Disposición adicional 4ª.- O Concello de Vigo comprométese á entrega da totalidade da documentación técnica sobre a execución de obras no Estadio Municipal de Balaídos ao Real Club Celta de Vigo.

Disposición derogatoria.- Esta concesión substitúe, derroga e deixa sen efecto, exclusivamente no que a utilización do Estadio Municipal de Balaídos se refire, o convenio de colaboración asinado en 1992 e a súa novación modificativa de 2009.

ANEXO I.- FICHA INVENTARIO MUNICIPAL BENS E INSTALACIÓNS ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS (EPÍGRAFE I, Nº BEN 280)

ANEXO II.- PLANO INSTALACIÓNS EXPLOTACIÓN MUNICIPAL

13(281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO E OBRA DE MANTENIMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 2464/441.

Vista a dilixencia de data 09/04/2026, asinada polo xefe de Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, a Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

14(282).- ADAPTACIÓN DA ORDENACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN A SEGUIR NAS OBRAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE FCC AQUALIA VIGO UTE. EXPTE. 2584/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/03/2026, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 110 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

Consideracións Técnicas

Resulta necesario adecuar o dito procedemento para as actuacións a desenvolver nas obras do plan de investimentos de FCC AQUALIA VIGO UTE polos seguintes motivos:

I. O procedemento aprobado en Xunta de Goberno Local o 08.03.2013 recolle no apartado “II- ACTUACIÓNS PREVIAS POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL” a necesidade de someter a consideración da XGL o cadro de prezos de unidades de obra. Este cadro de prezos foi aprobado en Xunta de Goberno o 22.03.2013 (expte 1815/440). O procedemento tamén establece que “os prezos fixados para as distintas unidades de obra rexerán durante os vindeiros tres exercicios orzamentarios, prorrogando a súa vixencia no suposto de que non recaíse acordo expreso de actualización”. Malia dita previsión de actualización, o cadro de prezos aprobado o 22.03.2013 non foi obxecto de revisión ata o día de hoxe. Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación (13 anos), resulta necesario adecuar o cadro de prezos, polos seguintes motivos:

- Por unha banda, resulta necesario actualizar a definición das unidades de obra xa que as referencias nas descrições dos prezos á normativa teñen quedado desactualizadas (clases resistentes das tubaxes, tipoloxías das misturas bituminosas...). Tamén resulta necesario incorporar ao cadro novas unidades de obra non contempladas actualmente e que resultan de uso habitual (maiores diámetros en tubaxes de saneamento, novos materiais de uso habitual, novos elementos de manobra e control das redes; novos sistemas de execución que implican a inclusión de novas unidades, ademáis da necesidade de incorporar ao

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 111 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cadro unidades de prezo de obrigada inclusión en todos os proxectos e que non están contempladas no cadro vixente (seguridade e saúde e xestión de residuos).

- Por outra banda, resulta necesario revisar os custes xa que os prezos previstos non responden á realidade de mercado actual. A este respecto, cabe sinalar que o “Índice de costes del sector de la construcción” que publica o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible reflicte unha evolución do índice de custos das obras da enxeñería civil dende un valor de 91,08 para o ano 2013 ata un valor de 120,07 no ano 2025 (tomando como base 100 e ano de referencia o 2021).

Para tal fin, encargáronse os traballos para a definición dun novo cadro de prezos (expte 2102-441). A dita proposta de novo cadro de prezos foi comunicada á empresa concesionaria en data 13/03/2026 e conta coa súa conformidade de data 17/03/2026. A proposta do novo cadro de prezos foi tamén informada favorablemente pola Oficina de Supervisión municipal en data 18 de marzo de 2026.

II. O procedemento aprobado en Xunta de Goberno Local o 08.03.2013 recolle no apartado IV os gastos repercutibles á Administración. Resulta igualmente necesario actualizar dita previsión polos seguintes motivos:

- Considérase conveniente recoñecer coma custo susceptible de recuperación pola entidade concesionaria os custos derivados dos estudos xeotécnicos necesarios para caracterizar os terreos. Esta información, previa á fase de execución das obras, resulta relevante para coñecer adecuadamente os condicionantes de execución das obras (e en consecuencia os seus custos). De igual modo, unha correcta caracterización do terreo ten unha incidencia decisiva á hora de garantir a seguridade das obras, dado que se trata de traballos de canalizacións de abastecemento e saneamento soterradas (e en consecuencia teñen a consideración de traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, tal coma se recolle no Anexo II do *Real Decreto 1627/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción*).
- Considérase tamén necesario revisar os custos asociados á redacción dos proxectos, xa que ata o momento estes custos valóranse coma un 2% do orzamento de execución material das obras. Así definidos, a experiencia amosa unha subestimación dos custos incorridos na redacción de proxectos de importes menores (que requiren igualmente da redacción dun proxecto completo con todos os seus documentos), e podendo resultar unha sobreestimación dos custos incorridos para aqueles proxectos de maior importe.

Esta proposta de recoñecemento de custo susceptible de recuperación os derivados dos estudos xeotécnicos necesarios para caracterizar os terreos e os novos custos asociados á redacción dos proxectos, foi tamén comunicada á empresa concesionaria no mesmo trámite que o novo cadro de prezos, e conta igualmente coa súa conformidade.

III. Consideracións xurídicas.

A cláusula 55.2 do prego de condicións económico administrativas reitor da actual concesión do servizo de augas dispón que «O concesionario, tendo en conta as características das prestacións solicitadas, confeccionará o correspondente orzamento de acordo cun cadro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 112 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

prezos unitarios elaborados a tal fin. Dito cadro de prezos deberá ser aprobado polo Concello previamente a súa entrada en vigor».

A diferenza deste precepto, que se desenvolve nos parágrafos seguintes do mesma cláusula, o PCEA da concesión non establece unha previsión semellante para os cadros de prezos das novas obras de infraestrutura a executar pola concesionaria, limitándose a establecer a este respecto o que segue:

Na proposta económica da oferta do contrato, o prego de condicións económico administrativas da concesión, na cláusula 10.3 (c), establece que o concesionario deberá formular unha proposta de achega económica para a realización de obras polo concesionario, así como da súa financiación, na que se reflectirán entre outros, e no que aquí interesa, os seguintes aspectos:

«c.1. volume de inversión , que o adxudicatario prevé achegar para a realización de obras de infraestrutura do Servizo, previos os tramites de aprobación polo órgano competente da Corporación.

(...)

c.3. Proposta das obras a realizar con cargo ao volume de inversión proposto, con detalle do seu prazo de execución e importes máximos de execución».

As cláusulas 23 e 24, sobre a ampliación da infraestrutura, desenvolven esta previsión da concesión dispoñendo, a 23, que: «As obras de ampliación , renovación e/ou mellora da infraestrutura do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento á cidade de Vigo serán por conta do concesionario, quen as realizará da forma e cos medios que considere máis oportunos en cada momento, en función dos Programas de Inversións aprobados de común acordo entre o Concello e o concesionario en cada momento».

E a cláusula 24.1 que: «Para a execución das obras, o concesionario deberá redactar o correspondente Programa de Inversións, no que se reflectirán as obras a realizar, así como a repercusión que sobre o custe unitario vixente, nese momento, supoñan a execución das ditas obras.

Dito Programa de Inversións, unha vez aprobado polo organo competente da corporación, lle será comunicada ao Concesionario para que proceda a súa realización».

Para a aprobación dos concretos proxectos de obras que comprende o Plan de Inversións debese analizar non so o axuste do proxecto ás finalidades que xustifican a súa redacción e execución e a súa calidade técnica, senón tamén o axuste dos prezos das unidades de obra do proxecto de obras aos prezo de mercado, so pena de menoscabar a adecuada eficacia na execución do Plan de Inversións e a eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos.

A diferenza do que o prego de condicións da concesión prevé para a execución das acometidas pola concesionaria, para as que esta confeccionará un orzamento de acordo cun cadro de prezos unitarios aprobado polo Concello, nada di a este respecto o prego de condicións do servizo para os orzamentos das obras dos Programas de inversión, tan

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 113 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

necesitados, como os das acometidas, de criterios económicos válidos para a confección e aprobación dos seus orzamentos.

Habida conta das mínimas previsións do prego de cláusulas do Servizo respecto da aprobación dos Plans de Inversións e dos proxectos de obras nos que estes se concretan, a Xunta de Goberno Local, seguindo as recomendacións pola Intervención Xeral e co obxecto unificar nun documento as instrucións que de xeito disperso foranse dictando sobre esta materia desde o inicio da concesión, aprobou, o 8 de marzo de 2013, a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE —que foi obxecto de adaptación á normativa de contratación actualmente en vigor, nesta materia, en sesión 6 de maio de 2021— e con data 22 de marzo, tamén de 2013, aprobou o cadro de prezos dos proxectos de obras nas que se concreta o Plan de Inversións.

Proposta

En concordancia co anteriormente exposto, propónse adaptar o procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC AQUALIA VIGO UTE nos seguintes termos:

Primeiro.- Aprobado o novo “cadro de prezos de unidades de obra que rexerán nas obras de investimento da entidade concesionaria AQUALIA FCC VIGO UTE” segundo proposta que se achega no expediente, substituíndo ao aprobado na Xunta de Goberno Local do 22.03.2013 (expte 1815/440), e que resultará de aplicación a tódolos proxectos que se aproben en adiante.

Segundo.- Modificar o procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 08.03.2013 (expte 52/141) no relativo aos “Gastos repercutibles á Administración” nos seguintes aspectos:

- Engadir coma gasto repercutible os “Estudos xeotécnicos”.
- Substituír a valoración dos gastos repercutibles por redacción de proxecto, pasando a valorarse do seguinte modo, para aqueles proxectos que sexan encomendados dende a data de aprobación desta proposta:
 - Proxectos de obras cun presuposto de execución material inferior a 500.000 euros: 5% sobre orzamento de execución material.
 - Proxectos de obras cun presuposto de execución material entre 500.000 euros e ata 1.500.000 euros : orzamento que variará linealmente dende o 5% sobre orzamento de execución material para obras de 500.000 euros PEM ata o 3% para obras de 1.500.000 euros PEM.
 - Proxectos de obras cun presuposto de execución material entre 1.500.000 euros e ata 4.000.000 euros : orzamento que variará linealmente dende o 3% sobre orzamento de execución material para obras de 1.500.000 euros PEM ata o 1,5% para obras de 4.000.000 euros PEM.
 - Proxectos de obras cun presuposto de execución material a partir de 4.000.000 euros: 1,5% sobre orzamento de execución material.

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 114 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(283).- APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN “REFORMA DO MERCADO DE TEIS”. EXPTE. 6843/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 06/04/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 26.02.2025 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor do arquitecto José Manuel Fernández Barreira.

II.- O dito arquitecto presenta, trala fase de supervisión, proxecto básico e de execución para a “REFORMA DO MERCADO DE TEIS”.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.10.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.10.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- A actuación se desenvolve no inmobile está situado na rúa Toural de Abaixo, 4 no barrio de Teis, cidade de Vigo con referencia catastral 4875101 NG2747N BA.

A edificación é de forma rectangular en planta e presenta no seu acceso principal, un espazo lixeiramente máis ancho, unha zona onde están situadas as oficinas, a cafetería e os aseos. As fachadas suroeste, noroeste e nordés miran á rúa Toural de Abaixo (que rodea ao edificio), a fachada sueste oríntase cara o cruzamento das rúas Toural de Abaixo con Purificación Saavedra. A superficie total construída é de 1.626,00 m².

As obras a levar a cabo son as seguintes:

1. Actuacións no interior do edificio:

- Construcción de novos aseos, adaptados ás persoas con mobilidade reducida e discapacitados.
- Renovación do pavimento principal existente e da recollida de augas.
- Mellora de saneamento existente.
- Reparación e pintado dos paramentos verticais e horizontais.
- Reparación dos elementos estruturais interiores da cuberta.
- Substitución dos elementos de apoio do panel da cuberta.
- Substitución da iluminación común por equipos de eficiencia enerxética.
- Reforma da zona actual de aseos, cuarto de lixos e dirección do centro.
- Nova construción de cuarto para reubicación de cuarto de lixos.
- Habilitación dos espazos da planta alta e baixo cuberta como oficinas para a dirección do mercado.

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 115 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Demolición e nova construción de escaleiras de acceso a planta primeira.
- Demolición e nova construción de escaleiras de acceso a planta soto.
- Mellora do aproveitamento do espazo que conecta a planta baixa e a planta semi soto do mercado.
- Nova construción para reubicación da cafetería do mercado e espazo polivalente.
- Novo espazo para compactadora.
- Novo espazo para punto limpo comerciantes.
- Nova construción de espazo de uso múltiple.
- Equipos electromecánicos: Instalación de 2 ascensores con capacidade para 8 e 6 persoas, para comunicación co supermercado inferior e para acceso a oficinas.
- Substitución de 18 unidades de ventás (motorizar, abatibles).
- A renovación da zona de entrada, así como a instalación de elementos no exterior da mesma que melloren a capacidade de atracción de posibles usuarios do comprado.

2. Actuacións no exterior do edificio:

- Reparación dos paramentos exteriores (paredes e aleiros).
- Reparación das cerraxerías dos ocos de ventás e portas.
- Rachado de ocos para a incorporación de entrada exterior en cafetería existente e novo local destinado a florería.
- Nova carpintería exterior en ocos de planta baixa da fachada sueste.
- Demolición dun tramo da escaleira de acceso lateral e posterior execución de rampa de acceso lateral ao mercado.
- Reparación de deficiencias en canlóns e baixantes de augas.
- Renovación da impermeabilización en terrazas.
- Instalación fotovoltaica na cuberta.
- Instalación de aerotermia e retirada da instalación actual de gasoil.
- Instalación de punto limpo de proximidade para clientes.
- Substitución de paneis de policarbonato en cuberta.
- Conexións a acometidas existentes de saneamento pluviais, retranqueo de instalacións e reposición de pavimentos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 06.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

É de aplicación a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025, publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A edificación que contén o local sitúase no terreo que foi clasificado polo PXOM como Solo Urbano, estando ordenado de modo directo polo propio PXOM e cuxo desenrolo ben posibilitado pola aplicación directa das determinacións tanto básicas como de detalle fixadas pola Ordenanza de aplicación. A instalación proxectada encóntrase afectada pola U.10 Equipamentos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 116 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

O Mercado de Teis figura dentro das fichas de catálogo de bens, encádrase dentro do catálogo de Arquitectura Civil. O nivel de protección é: Estructural.

Todas e cada unha das partidas de obra proxectadas encádranse nas categorías de mantemento, conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación puntual ou adaptación funcional e de accesibilidade, expresamente contempladas como autorizables para bens con protección estrutural.

Ningunha das actuacións altera a volumetría xeral, a estrutura resistente principal nin os valores tipolóxicos e espaciais que xustifican a catalogación do inmovible. As intervencións en envolvente e fachadas limitanse a reparacións, substitucións compatibles e lixeiras modificacións en planta baixa, mantendo o carácter compositivo e a imaxe consolidada do edificio. As melloras en accesibilidade, salubridade, seguridade de utilización, eficiencia enerxética e transformación dixital reforzan a viabilidade e sostibilidade do mercado, favorecendo a súa continuidade como equipamento público ao servizo do barrio de Teis. En consecuencia, as obras proxectadas son viables e compatibles co grado de catalogación do Mercado de Teis, desde o estrito cumprimento do PXOM de Vigo, da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia e da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia.

Consta no expediente a autorización favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, 3 de febreiro de 2026.

Consta no expediente informe favorable do xefe de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo de data da sinatura dixital 20 de marzo de 2026. Documento de intervención patrimonial redactado para dar cumprimento ao artigo 43 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión,

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 117 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “REFORMA DO MERCADO DE TEIS” redactado polo Arquitecto D. José Manuel Fernández Barreira, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS SESENTA E SEIS MIL NOVECENTOS SESENTA EUROS con OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.866.960,85 €), asinado dixitalmente o día 29 de marzo de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(284).- ROGOS E PREGUNTAS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 118 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.2066/1102

Non houbo ningunha intervención.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 10/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/04/2026 14:25	Páxina 119 de 119
2066-1102 Aprobado por XGL 17/04/2026	CSV: A8BHAD-EEC131-4A4A44-WUAQY4-9YQZPL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		